



18
FEB
2012

Moción para declarar o día 24 de Febreiro
como o Día de Rosalía de Castro



MOCIÓN

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Cantares Galegos, o primeiro escrito
ACORDO

escritora que impliquen ao conxunto dos veciños e veciñas do noso concello o 24

de febreiro, data recollida oficialmente pola Consellería de Cultura no seu

Calendario do Libro e da Lectura.

Emprender e apoiar a realización de actividades de promoción da obra da nosa

que o alumnado dos centros escolares e persoas destacadas pola súa actividade cultural teñan o papel protagonista

Realizar unha lectura pública da obra rosaliana nun lugar destacado do concello na

Declarar o 24 de febreiro Día de Rosalía no noso concello.

:

Rosalía de Castro é a escritora máis representativa da lingua e da literatura

galegas. A publicación do seu libro

integrante no noso idioma, desde a vontade firme e inequívoca do seu

significado, sinala o inicio da restauración do uso escrito do noso idioma e o final

de séculos de silencio e esquecemento.

A súa obra é un retrato do pobo galego e goza dunha total

actualidade.

Desde o século XIX Rosalía de Castro foi homenaxeada polas galegas e os galegos como poeta nacional, pois reclamou a redención da patria galega e asumiu a voz do seu pobo, voz que guiou permanentemente a súa obra e o seu pensamento. Esta galeguidade intrínseca dos seus textos, esta comunicación e entendemento permanente co seu pobo, ao se dirixir a el no seu idioma propio, foi o que a fixo tamén poeta de todos os pobos, chegando a formar parte da nómina de escritoras máis destacadas da literatura universal de todos os tempos.

Por todos estes motivos a difusión do coñecemento da súa obra é necesaria para as galegas e os galegos, en especial para as xeracións máis novas que colectivamente contribuímos a coeducar, sendo a súa palabra feita poesía ou prosa reflexiva un dos procedementos máis eficaces para fomentar o amor á nosa lingua e comprender a nosa identidade cultural.

Por tódolo anteriormente exposto, propoño ó pleno desta Corporación a adopción do seguinte,